

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CRA AMENCER

CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIAS: LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ, MATEMÁTICAS, CIENCIAS SOCIAIS E DA NATUREZA

DEPARTAMENTO: PRIMARIA

DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

- 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.**
- 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.**
- 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.**
- 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
LINGUA GALEGA	
<ul style="list-style-type: none"> -Ler textos en voz alta cunha dicción e unha pronunciación adecuadas. -Interpretar adecuadamente o contido de textos lidos en voz alta e en silencio. 	<ul style="list-style-type: none"> -Le textos breves cunha fluidez, entoación e dicción adecuadas á súa idade. C. Lingüística - Aprender a aprender. -Axúdase das ilustracións para comprender textos breves. C. Lingüística - C. Aprender a aprender – Conciencia e expresións culturais. -Comprende o contido de relatos ou textos breves de carácter literario a partir de actividades sinxelas de comprensión lectora. C. Lingüística – Conciencia e expr. cult.
<ul style="list-style-type: none"> -Elaborar textos de diversa tipoloxía relacionados co ámbito académico. -Elaborar traballos gráficos nos que se combinan imaxes e textos. -Utilizar o ditado na mellora e perfeccionamento da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> -Elabora textos explicativos, descritivos ou doutro tipo para transmitir coñecementos e información. C. Lingüística – C. Matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. -Elabora producións textuais que combinan textos e debuxos relacionados coa vida cotiá ou escolar. C. Lingüística – Conciencia e expresións culturais. -Copia textos breves ditados con corrección ortográfica. C. Lingüística – Aprender a aprender.
<ul style="list-style-type: none"> -Coñecer e aplicar con corrección as normas de concordancia. -Coñecer e aplicar logo as normas ortográficas e gramaticais. -Coñecer e utilizar as normas de puntuación de forma adecuada. 	<ul style="list-style-type: none"> -Aplica as normas básicas da concordancia dos substantivos e dos verbos. C. Ling. - Aprender a aprender. -Aplica correctamente as normas ortográficas. C. Lingüística – Aprender a aprender. -Iníciase nos coñecementos básicos de puntuación e úsaos correctamente. C. Lingüística – Aprender a aprender.
LINGUA CASTELÁ	
<ul style="list-style-type: none"> -Leer en voz alta con una dicción y una pronunciación correctas, textos de diferente tipología y responder a preguntas sobre su contenido. -Interpretar el contenido de diversos tipos de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> -Lee el contenido de textos de diversa tipología y responde a preguntas sobre su contenido. C. Lingüística - C. Aprender a aprender - Conciencia y expresiones culturales.
<ul style="list-style-type: none"> -Reconocer y caracterizar diferentes géneros literarios y tipologías textuales propias de la literatura infantil y popular. 	<ul style="list-style-type: none"> -Reconoce personajes, fórmulas y otros rasgos propios de los cuentos infantiles. C. Lingüística - Conciencia y expresiones culturales.
<ul style="list-style-type: none"> -Responder preguntas por escrito con corrección lingüística y adecuación a lo preguntado. -Conocer y aplicar las normas lingüísticas estudiadas respondiendo a las preguntas indicadas. -Conocer y aplicar con corrección las normas lingüísticas y el vocabulario estudiado. 	<ul style="list-style-type: none"> -Contesta preguntas sobre el contenido de textos. C. Lingüística - Aprender a aprender. -Aplica las normas ortográficas (z/c, mp/mb, r/rr, c/q...) y sintácticas adecuadas en la redacción de palabras y oraciones. C. Lingüística – Aprender a aprender. -Ejercita el uso correcto de las mayúsculas y de los signos de puntuación. C. Lingüística - Aprender a aprender.
<ul style="list-style-type: none"> -Redactar correctamente palabras, oraciones y cuentos breves. -Elaborar trabajos gráficos en los que se combinan imágenes y textos. -Elaborar textos correctamente estructurados y presentados. 	<ul style="list-style-type: none"> - Emplea diferentes recursos y soportes para escribir correctamente respetando las normas lingüísticas estudiadas. C. Lingüística - Aprender a aprender. -Elabora textos que combina con dibujos de creación propia. C. Lingüística – Aprender a aprender.

	<p>-Planifica y elabora textos narrativos sencillos. <i>C. Lingüística – Conciencia y expresiones culturales.</i></p> <p>-Emplea correctamente los verbos en la formación de oraciones. <i>C. Lingüística – Aprender a aprender.</i></p> <p>-Conoce y aplica las normas ortográficas y de puntuación adecuadas en la transcripción y redacción de textos. <i>C. Lingüística – Aprender a aprender.</i></p>
--	--

-Trazar letras y palabras con buena caligrafía y presentación.	-Escribe letras y palabras dentro de una pauta con buena caligrafía. <i>C. Lingüística - Aprender a aprender.</i>
--	---

MATEMÁTICAS

<p>-Leer, escribir y ordenar los números naturales (hasta el 99).</p> <p>-Realizar cálculos numéricos sencillos basados en la suma, la resta y resolver problemas de la vida cotidiana.</p> <p>-Interpretar y resolver los problemas utilizando las estrategias y procedimientos adecuados.</p>	<p>-Lee, escribe y ordena números naturales y los números ordinales en un contexto real. <i>C. Lingüística – C. Matemática y C. B. en Cien. y Tecnol.</i></p> <p>-Realiza sumas (sin llevadas y con llevadas) y restas (sin llevadas) con números naturales. <i>C. Matemática y C. B. en Cien. y Tecnol. – Aprender a aprender.</i></p> <p>-Resuelve problemas sencillos con una sola operación matemática y reflexiona sobre el proceso de resolución. <i>Aprender a aprender – Sentido de in. y espíritu empen.</i></p> <p>-Aplica estrategias y procedimientos aprendidos en la resolución de problemas sencillos y revisa su solución. <i>Aprender a aprender – Iniciativa y espíritu emprendedor.</i></p>
---	--

<p>-Elegir la unidad más adecuada y utilizar el instrumento adecuado según la magnitud para medir objetos, espacios y tiempos.</p> <p>-Reconocer e interpretar textos numéricos para resolver problemas utilizando medidas de longitud, masa/peso, capacidad y tiempo en contextos reales.</p> <p>-Conocer el valor y las equivalencias entre las diferentes monedas y billetes del sistema monetario de la Unión Europea.</p>	<p>-Se aproxima a las unidades de medida más adecuados para medir: objetos, espacios y tiempos. <i>Aprender a aprender – Conciencia y expresiones culturales.</i></p> <p>-Reconoce la unidad del tiempo, las horas en relojes analógicos y digitales (“en punto” e “y media” y las expresiones temporales. <i>C. Lingüística – Aprender a aprender.</i></p> <p>-Identifica el valor de los diferentes billetes y monedas de euro. <i>Aprender a aprender – Conciencia y expresiones culturales.</i></p>
--	---

<p>-Diferenciar líneas, figuras y cuerpos geométricos.</p> <p>-Interpretar, describir y dibujar posiciones de objetos utilizando los conceptos adecuados.</p>	<p>-Describe la posición de objetos utilizando los conceptos izquierda-derecha, arriba-abajo, dentro-fuera, delante-detrás. <i>C. Lingüística – S. de iniciativa y esp. emprendedor.</i></p> <p>-Identifica y clasifica líneas rectas y curvas, figuras planas y cuerpos geométricos. <i>Conciencia y expresiones culturales – Aprender a aprender.</i></p>
---	---

-Interpretar los datos presentados en gráficas de barras y cuadros de doble entrada.	-Representa, interpreta y resuelve problemas relacionados con diagramas de barras y tablas de doble entrada. <i>Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor – Aprender a aprender – C. Matemática y C. B. en Cien. y Tecnol</i>
--	--

CIENCIAS DA NATUREZA

-Caracterizar os aspectos básicos da bioloxía dos animais.	<p>-Recoñece os animais domésticos e valora a súa utilidade. <i>C. Lingüística – C. Sociais e cívicas.</i></p> <p>-Enumera pautas para o coidado e preservación da fauna. <i>C. Sociais e cívicas – C. Lingüística.</i></p> <p>-Recoñece os trazos que diferencian un ser vivo dun obxecto inerte. <i>Aprender a aprender – C. Lingüística.</i></p> <p>-Recoñece as funcións vitais dos animais. <i>C. Lingüística – C. Mat. e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía.</i></p>
--	---

	-Recoñece, clasifica e describe diferentes tipoloxías de animal. C. Lingüística – C. Mat. e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía.
-Recoñecer as funcións vitais das plantas na redonda cotiá. -Distinguir as principais características e funcións das partes dunha planta. -Explicar as aplicacións ou utilidades das plantas e a importancia da súa preservación.	-Describe a nutrición e a reprodución das plantas. C. Matemática e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía -Aprender a aprender. -Identifica as partes dunha planta, diferentes tipos de plantas e os seus hábitats. Aprender a aprender – C. Lingüística. -Enumera diferentes aplicacións que teñen as plantas. C. en aprender a aprender – C. Mat. e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía.
-Identificar os materiais máis habituais e recoñecer as súas principais propiedades. -Describir a reciclaxe e a reutilización de materiais e produtos de consumo.	-Clasifica materiais cotiáns. C. Lingüística – C. Mat. e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía. -Iníciase no coñecemento das propiedades dos materiais. Aprender a aprender – C. Mat. e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía. -Relaciona os materiais coa reciclaxe e a reutilización. C. Lingüística – C. Mat. e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía.
-Recoñecer máquinas e ferramentas presentes na vida cotiá.	-Recoñece as normas básicas de seguridade no uso de máquinas e materiais. Aprender a aprender – C. Mat. e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía. -Identifica distintas ferramentas e máquinas. Aprender a aprender – C. Lingüística. -Recoñece o ordenador como medio de comunicación.

CIENCIAS SOCIAIS

-Caracterizar as paisaxes e as súas tipoloxías e identificar os elementos que forman unha paisaxe. -Comprender a necesidade e coidar e preservar o medio ambiente analizando criticamente as accións humanas que contaminan ou deterioran o medio.	-Identifica e diferencia os elementos naturais e humanos da paisaxe. <i>C. Sociais e Cívicas - C. Apr. a Aprender.</i> -Aproxímase a diferenciar e caracterizar paisaxes de costa, de montaña e de chaira. <i>C. Sociais e Cívicas - C. Apr. a Aprender.</i>
-Coñecer as normas de circulación e fomentar a seguridade vial. -Comprender elementos e aspectos clave da organización social da súa redonda próxima.	-Identifica as pautas de reciclaxe, reutilización e uso sostible dos recursos na vida cotiá. <i>C. Sociais e Cívicas - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i> -Coñece o significado dalgúns sinais de circulación. <i>C. Sociais e Cívicas - C. Dixital - C. Lingüística - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i> -Identifica e describe oficios, profesións e actividades laborais da redonda. <i>C. Sociais e Civ. - C. Lingüística.</i> -Identifica e clasifica os diferentes medios de transporte existentes. <i>C. Sociais e Cívicas - Aprender a aprender</i> -Recoñece as características das vilas e das cidades. <i>C. Sociais e Cívicas - Aprender a aprender.</i>

<p>-Recoñecer os astros do Sistema Solar e aspectos básicos da Terra vista desde o espazo exterior.</p> <p>-Observar, indagar e coñecer algunhas características da Terra, do Sol, da Lúa e das estrelas.</p> <p>-Familiarizarse coas estacións do ano e a sucesión do día e da noite relacionando ambos fenómenos cos movementos de rotación e translación da Terra.</p>	<p>-Identifica os astros do Sistema Solar. <i>C. Matemática e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía. - C. Aprender a Aprender.</i></p> <p>-Recoñece a importancia do Sol para a vida na Terra. <i>C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender.</i></p> <p>-Coñece o aspecto físico da Terra, dos océanos e dos continentes vistos desde o espazo exterior. <i>C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender.</i></p> <p>-Recoñece a Lúa e as fases lunares. <i>C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender - C. Dixital</i></p> <p>-Comprende a sucesión día-noite e describe as actividades propias do día e da noite. <i>C. Sociais e Cívicas - C. Aprender a Aprender.</i></p> <p>-Recoñece as estacións do ano e aproxímase a vinculalas co movemento de translación da Terra. <i>C. Matemática e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía. - C. Aprender a Aprender.</i></p>
<p>-Recoñecer e valorar obxectos, imaxes, manifestacións artísticas e restos arqueolóxicos do pasado.</p> <p>-Utilizar as unidades de medida temporais básicas e do calendario, como representación do paso do tempo.</p> <p>-Recoñecer as nocións de pasado, de presente e de futuro empregándoas na comprensión da propia biografía.</p>	<p>-Recoñece costumes, vestimentas, paisaxes ou obxectos de épocas pasadas. <i>C. Soc. e Cív. - C. Apr. a Apr.</i></p> <p>-Identifica como medio de coñecemento do pasado edificios e monumentos do pasado. <i>C. Soc. e Cív. - Conc. e Expr. Culturais.</i></p> <p>-Iníciase en situar datas significativas no calendario. <i>C. Soc. e Cív. - C. Dix - C. Apr. a Apr. - C. Mat., Cien. e Tec.</i></p> <p>-Sabe os días da semana e os meses do ano e coñece a súa orde. <i>Competencias Sociais e Cívicas. - C. Matemáticas e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía.</i></p> <p>-Utiliza nocións básicas de tempo e identifica sucesos do presente, do pasado e do futuro.. <i>C. Sociais e Cív. - C. Matemáticas e C. B. en Ciencia e Tecnoloxía</i></p>

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Seguimento e avaliación do traballo diario e mais o esforzo de cada alumno/a, tendo en conta as súas circunstancias persoais. - Autoavaliación.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Corrección (presentación e grao de remate e consecución dos estándares especificados para cada materia anteriormente) das tarefas enviadas a través da aplicación ClassDojo. - Autoavaliación das actividades interactivas do libro dixital e de xogos. - Avaliación dos coñecementos adquiridos a través de intercambios orais (xogos de preguntas, probas orais...) nas videochamadas. - Tutorías a través das videochamadas (Whatsapp, Cisco Webex, Skype).
	<p>Criterios de cualificación (3º trimestre):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo diario: valoración das tarefas enviadas a través da aplicación ClassDojo diariamente e do grao de integración das novas aprendizaxes coas anteriores (80 %). - Presentación dos traballos enviados: boa grafía, respecto das regras ortográficas, debuxos... (20 %). <p>Os resultados da terceira avaliación que se logren aplicando estes criterios de cualificación serán tidos en conta sempre de forma POSITIVA, é dicir:</p> <ul style="list-style-type: none"> - se a nota que se obtén no terceiro trimestre é superior ás acadadas nos dous primeiros, a válida será a do terceiro, - se a nota da terceira avaliación é inferior ás dúas anteriores, non será tida en consideración, manténdose a do último trimestre.
Cualificación final	Para obter a cualificación final de curso farase a MEDIA das notas acadadas nas tres avaliacións.
Alumnado de materia pendente	Todas as necesidades de reforzo e as orientacións de cara a recuperar as materias pendentes serán recollidas no informe individualizado de cada alumno/a.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades nos libros de texto do alumnado onde teñen que completar, unir, redactar, ler, investigar coas novas tecnoloxías... - Comprensión de textos - Lecturas recomendadas - Propostas de xogos e actividades lúdicas para facer na casa - Composición escrita de diversos tipos de textos - Ditados - Actividades versadas nas conmemoracións (fotos, vídeos, traballos manuais...) - Visualización e creación de vídeos - Presentación de fotografías - Actividades interactivas no libro dixital e xogos online - Exposicións orais nas videochamadas - Traballos manuais
Metodoloxía	<p>NON PRESENCIAL: A situación que estamos vivindo provocou un cambio na metodoloxía, que pasou de ser presencial a converterse nunha atención educativa NON PRESENCIAL que garanta, ante todo, a saúde, o coidado e a seguridade de todos os membros da comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado).</p> <p>CONTACTO DIARIO: Nestas circunstancias non queremos abandonar aos nosos escolares e, por iso, baseámonos nunha COMUNICACIÓN DIARIA e nun SEGUIMIENTO CONSTANTE, posible grazas ao contacto coas familias a través do uso da mensaxería da aplicación ClassDojo e das videochamadas feitas por Skype, Cisco Webex ou mesmo Whatsapp, nas que aproveitamos para falar non só cos/as nenos/as, senón tamén cos pais/nais e telo en conta como unha videotitoría.</p> <p>TAREFAS ADAPTADAS E SECUENCIADAS: Tamén de xeito diario, publicamos un número de actividades, realistas e adaptadas á situación actual, por medio da xa mencionada plataforma, a fin de non saturar ás familias con tarefas programadas a moi longo prazo. Cremos que dividir o traballo día a día facilita a súa organización. Insistimos en que cada núcleo familiar faga o que poida considerando a súa propia realidade (sanitaria, económica, social, profesional...).</p> <p>RETROALIMENTACIÓN: Ademais, proporcionamos unha retroalimentación constante, posto que corriximos diariamente as fotos das tarefas que nos envían pola aplicación.</p> <p>FLEXIBILIDADE: Buscamos sempre adaptarnos ás circunstancias de cada alumno/a, respectando que cada familia estableza os seus propios horarios e rutinas de traballo dentro de cada día (tendo en conta as súas circunstancias persoais), polo que non fixamos datas ou horarios de entrega durante as xornadas de luns a venres.</p>

	<p>APOIO CONSTANTE: Estamos á disposición das familias para resolver calquera dúbida e para iso ofrecemos diferentes alternativas, xa sexa por medio da mensaxería da aplicación ClassDojo ou mesmo polo noso número persoal, dadas as circunstancias especiais que estamos vivindo, e deixando así que opten pola vía que lles resulte máis cómoda.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Libros de texto e cadernos do alumnado (o centro organizou a súa recollida sempre baixo criterios de seguridade) - Folios - Material funxible do profesorado e do alumnado - Teléfonos móbiles, tabletas e/ou ordenadores persoais do profesorado e das familias - Impresoras - Procesadores de textos - Editor de fotos - Conexión a Internet - Aplicación ClassDojo - Aplicacións para as videochamadas: Cisco Webex, Skype ou Whatsapp - Páxina web do CRA - Correo electrónico - Vídeos e materiais audiovisuais tanto de elaboración propia como accesibles na rede - Espazos familiares e persoais do alumnado e dos docentes

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A principal vía de comunicación coas familias será a **PÁXINA WEB do centro**, onde se publicará toda a información e todos os documentos relativos á educación non presencial do terceiro trimestre.

Ademais, esa comunicación por medio da páxina web do CRA Amencer complementarase sempre coa xa citada aplicación ClassDojo (por medio dos seus diferentes apartados: mensaxería, blog e recordatorios de eventos).